

Programación Didáctica

Departamento de Tecnoloxía

Materia: Tecnoloxías da
Información e da
Comunicación. 4º ESO

2021-22

Índice

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:.....	4
1.1 – XUSTIFICACIÓN.....	4
1.2 - CONTEXTUALIZACIÓN: CENTRO E ALUMNADO.....	5
1.3 - COMPOSICIÓN DEPARTAMENTO.....	6
1.4 - DISTRIBUCIÓN ALUMNADO:.....	6
1.5 - MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.....	6
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE..	6
3. OBXECTIVOS DA MATERIA.....	10
4. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, PERFÍS COMPETENCIAIS, COMPETENCIAS RELACIONADAS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	12
4.1 - PERFIL COMPETENCIAL.....	12
4.2 - TÁBOA DE CONTIDOS, ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, TEMPORALIZACIÓN.....	13
4.3 - TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	19
4.4 - ORGANIZACIÓN DO TEMPO.....	19
4.5 - ORGANIZACIÓN DO ESPAZO.....	20
5. CONTIDOS MINIMOS EXISIBLES PARA SUPERAR A MATERIA.....	21
6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:.....	21
6.1 - CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ÁREA DE INFORMÁTICA.....	21
6.2 - PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	24
6.3 - INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	24
7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	25
7.1 - REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	25
7.2 - ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	25
7.3 - CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS.....	25
7.4 - CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS.....	27
7.5 - PROBAS DE RECUPERACIÓN.....	27
7.6 - CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL.....	28
7.7 - CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	29
7.8 - CALENDARIO DE AVALIACIÓNS.....	29
7.9 - PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	29

7.10 - PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACION DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO.....	29
7.11 - PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR	29
8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:.....	30
8.1 - PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS.....	30
8.2 - PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.....	32
8.3 - ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.....	34
9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	36
9.1 - RECURSOS DA AULA.....	36
9.2 - MATERIAL DO ALUMNADO.....	37
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	38
10.1 - MEDIDAS METODOLÓXICAS.....	38
10.2 - MEDIDAS CURRICULARES.....	38
10.3 - MEDIDAS ORGANIZATIVAS.....	38
11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	39
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:.....	40
13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	40
14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	40
15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	41
16. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	41
17. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	42
17.1 - MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	42
17.2 - INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	43
18. CONCLUSIÓN:.....	45
19. BIBLIOGRAFÍA.....	46

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

1.1 – XUSTIFICACIÓN

A nosa programación é o conxunto de decisións que vainos permitir fixar as estratexias didácticas necesarias para acadar unha coherencia entre a práctica docente e os obxectivos que se perseguen. Necesitamos programar para desenvolver un programa educativo completo, evitando o azar e a improvisación, pero tendo a suficiente flexibilidade para adaptarnos ás características ambientais do noso contorno educativo.

Coa nosa programación buscamos aproximarnos ós seguintes obxectivos:

- Dispoñer dun documento de referencia que guíe a nosa práctica docente
- Atender ás necesidades do alumnado
- Evitar que o azar e a improvisación reste coherencia ás nosas accións
- Revisar e actualizar periodicamente o conxunto de actividades educativas

Todos estes aspectos, presentes durante a elaboración da programación, comprenden o marco de referencia fixado pola lei e o espazo de libre actuación do cal dispoñemos como docentes.

A Materia de TIC contribúe dunha forma específica, dentro do proceso educativo global do alumno, a que este amplíe o seu campo de coñecemento e a súa capacidade de desenvolverse fronte á realidade que lle toca vivir. Esta contribución materialízase a través dos seguintes aspectos:

- Dotar ós alumnos de ferramentas de análise e comprensión das mensaxes derivadas das novas tecnoloxías, evitando a manipulación e o consumo pasivo das mesmas.
- Educar ós alumnos no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

1.2 - CONTEXTUALIZACIÓN: CENTRO E ALUMNADO

O noso centro é un Centro Público Integrado, onde conviven a Educación Infantil coa Educación Primaria e a Educación Secundaria. Os alumnos veñen dun entorno rural, sendo a principal fonte de ingresos as actividades propias deste medio.

Ó ser unha poboación pequena, o sector servizos non ten un peso destacado na economía da zona. Porén, aparecen algunhas industrias de grande tamaño nos concellos limítrofes. Tamén temos unha certa presenza da emigración que debemos axudar á súa integración na sociedade.

Os intereses dos alumnos son moi diferentes, dende os que non pensan rematar os estudos da ESO ata os que pensan ir á universidade. Isto obriga a ter unha especial atención á diversidade.

Moitos dos alumnos habitan en pequenas aldeas ou lugares onde soamente teñen un ou dous compañeiros, polo que se atopan un pouco illados. A isto súmase que a gran maioría dos alumnos non teñen ordenador na casa, polo que as súas posibilidades de acceder ás novas tecnoloxías na zona son reducidas.

O C.P.P.I. dos Dices (Rois) no curso 2020-2021 consta de 6 unidades de Ensinanza Secundaria, correspondentes a dous cursos de 1º, dous de 2º, un de 3º e un de 4º de ESO. En total, temos 108 alumnos de secundaria.

O Departamento de Tecnoloxía encárgase de impartir a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación no grupo de 4º ESO formado polos alumnos que escolleron esta materia como optativa (14 alumnos).

A materia de TICS impártese na sala de Ordenadores de Secundaria.

1.3 - COMPOSICIÓN DEPARTAMENTO

O Departamento de Informática non existe no CPI dos Dices polo que ao ser o Departamento de Tecnoloxía o encargado da docencia, asume tamén a responsabilidade da realización da programación da materia de TICS.

1.4 - DISTRIBUCIÓN ALUMNADO:

Curso	Grupos	Nº Alumnado	Alumnos con necesidades específicas
4º	A	13	2

1.5 - MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

Hai certas unidades que se exceden na temporalización debido á excesiva carga de actividades como son a unidade de imaxe e son, polo que debe facerse unha redución das actividades propostas para evitar que non quede tempo suficiente para impartir unidades como a de vídeo.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Esta materia contribúe de xeito pleno á adquisición da competencia referida a **Tratamento da información e competencia dixital**, imprescindible para desenvolverse nun mundo que cambia, e nos cambia, empurrado polo constante fluxo de información xerado e transmitido mediante unhas tecnoloxías da información cada vez máis potentes e omnipresentes.

Na sociedade da información, as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen ao suxeito a posibilidade de converterse en creador e difusor de coñecemento a través da súa comunicación con outros suxeitos interconectados por medio de redes de información. A adaptación ao ritmo evolutivo da sociedade do coñecemento require que a educación obrigatoria dote o alumno dunha competencia na que os coñecementos de índole máis tecnolóxica se poñan ao servizo dunhas destrezas que lle sirvan para acceder á información alí onde se atope, utilizando unha multiplicidade de dispositivos e sendo capaz de seleccionar os datos relevantes para poñelos en

relación cos seus coñecementos previos, e xerar bloques de coñecemento máis complexos.

Os contidos da materia de TICS contribúen en alto grao á consecución deste compoñente da competencia.

Sobre esta capa básica solápanse o desenvolvemento da capacidade para integrar as informacións, reelaboralas e producir documentos susceptibles de comunicarse cos demais en diversos formatos e por diferentes medios, tanto físicos como telemáticos. Estas actividades implican o progresivo fortalecemento do pensamento crítico ante as producións alleas e propias, a utilización da creatividade como ingrediente esencial na elaboración de novos contidos e o enriquecemento das destrezas comunicativas adaptadas a diferentes contextos. Incorporar aos comportamentos cotiáns o intercambio de contidos será posible grazas á adopción dunha actitude positiva cara á utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. Esa actitude aberta, favorecida pola adquisición de condutas tendentes a manter ámbitos seguros, permitirá proxectar cara ao futuro os coñecementos adquiridos na fase escolar. A devandita proxección fomentará a adopción crítica dos avances tecnolóxicos e as modificacións sociais que estes produzan.

Dende esta formulación, os coñecementos de tipo técnico débense enfocar ao desenvolvemento de destrezas e actitudes que posibiliten a localización e interpretación da información para utilizala e ampliar horizontes comunicándoa aos outros e accedendo á crecente oferta de servizos da sociedade do coñecemento, de forma que se evite a exclusión de individuos e grupos. Desta forma contribuírase de forma plena á adquisición da competencia, mentres que centrarse no coñecemento exhaustivo das ferramentas non contribuíría senón a dificultar a adaptación ás innovacións que deixarían obsoleto nun curto prazo os coñecementos adquiridos.

Ademais, a materia contribúe de xeito parcial á **adquisición da competencia cultural e artística** en canto que esta inclúe o acceso ás manifestacións culturais e o desenvolvemento da capacidade para expresarse mediante algúns códigos artísticos. Os contidos referidos ao acceso á información, que inclúe as manifestacións de arte dixital e a posibilidade de dispoñer de informacións sobre obras artísticas non dixitais inaccesibles fisicamente, a captación de contidos multimedia e a utilización de

aplicacións para o seu tratamento, así como a creación de novos contidos multimedia que integren informacións manifestadas en diferentes linguaxes colaboran ao enriquecemento da imaxinación, a creatividade e a asunción de regras non alleas a convencións compositivas e expresivas baseadas no coñecemento artístico.

A contribución á adquisición da **competencia social e cívica** céntrase en que, en tanto que achega destrezas necesarias para a busca, obtención, rexistro, interpretación e análises requiridas para unha correcta interpretación dos fenómenos sociais e históricos, permite acceder en tempo real ás fontes de información que conforman a visión da actualidade. Posibilítase deste modo a adquisición de perspectivas múltiples que favorezan a adquisición dunha conciencia cidadá comprometida na mellora da súa propia realidade social. A posibilidade de compartir ideas e opinións a través da participación en redes sociais brinda unhas posibilidades insospeitadas para ampliar a capacidade de intervir na vida cidadá, non sendo alleo a esta participación o acceso a servizos relacionados coa administración dixital nas súas diversas facetas.

A contribución á adquisición da **competencia para aprender a aprender** está relacionada co coñecemento da forma de acceder e interactuar en ámbitos virtuais de aprendizaxe, que capacita para a continuación autónoma da aprendizaxe unha vez finalizada a escolaridade obrigatoria. Neste empeño contribúe decisivamente a capacidade desenvolvida pola materia para obter información, transformala en coñecemento propio e comunicar o aprendido poñéndoo en común cos demais.

Contribúe de xeito importante na adquisición da **competencia en comunicación lingüística**, especialmente nos aspectos desta relacionados coa linguaxe escrita e as linguas estranxeiras. Desenvolverse ante fontes de información e situacións comunicativas diversas permite consolidar as destrezas lectoras, á vez que a utilización de aplicacións de procesamento de texto posibilita a composición de textos con diferentes finalidades comunicativas. A interacción en linguas estranxeiras, en especial a participación na Sección Bilingüe, colaborará á consecución do seu uso funcional.

Contribúe de xeito importante á adquisición da **competencia matemática e as competencias en ciencia e tecnoloxía**, achegando a destreza no uso de aplicacións

de folla de cálculo que permiten utilizar técnicas produtivas para calcular, representar e interpretar datos matemáticos e a súa aplicación á resolución de problemas. Por outra banda, a utilización de aplicacións interactivas en modo local ou remoto, permitirá a formulación e comprobación de hipótese acerca das modificacións producidas pola modificación de datos en escenarios diversos. Tamén acádanse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos.

Por último, contribúe á **competencia de iniciativa persoal e espíritu emprendedor** na medida en que un ámbito tecnolóxico cambiante esixe unha constante adaptación. A aparición de novos dispositivos e aplicacións asociadas, os novos campos de coñecemento, a variabilidade dos ámbitos e oportunidades de comunicación esixen a reformulación das estratexias e a adopción de novos puntos de vista que posibiliten resolución de situacións progresivamente máis complexas e multifacéticas.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Utilizar os servizos telemáticos adecuados para responder as necesidades relacionadas, entre outros aspectos, coa formación, o ocio, a inserción laboral, a administración, a saúde ou o comercio, valorando en qué medida cobren as devanditas necesidades e se o fan de forma apropiada.

2. Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na rede para incorporalos ás súas propias producións, valorando a importancia do respecto da propiedade intelectual e a conveniencia de recorrer a fontes que autoricen expresamente a súa utilización.

3. Coñecer e utilizar as ferramentas para integrarse en redes sociais, achegando as súas competencias ao seu crecemento e adoptando as actitudes de respecto, participación, esforzo e colaboración que posibiliten a creación de producións colectivas.

4. Utilizar periféricos para capturar e dixitalizar imaxes, textos e sons, e manexar as funcionalidades principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa, o son e a imaxe en movemento e a súa integración para crear pequenas producións multimedia con finalidade expresiva, comunicativa ou ilustrativa.

5. Integrar a información textual, numérica e gráfica para construír e expresar unidades complexas de coñecemento en forma de presentacións electrónicas, aplicándoas en modo local, para apoiar un discurso, ou en modo remoto, como síntese ou guión que facilite a difusión de unidades de coñecemento elaboradas.

6. Integrar a información textual, numérica e gráfica obtida de calquera fonte para elaborar contidos propios e publicalos na web, utilizando medios que posibiliten a interacción (formularios, enquisas, bitácoras, etc.) e formatos que faciliten a inclusión de elementos multimedia decidindo a forma na que se poñen a disposición do resto de usuarios.


7. Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas alternativas existentes para compartir os contidos publicados na web e aplicarlos cando se difundan as producións propias.

8. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e do propio individuo nas súas interaccións en Internet.
9. Valorar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación e as repercusións que supón o seu uso.

4. CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, PERFÍS COMPETENCIAIS, COMPETENCIAS RELACIONADAS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.

4.1 - PERFIL COMPETENCIAL

O perfil competencial é unha maneira de visualizar o peso de cada competencia básica dentro da materia. As porcentaxes calcúlanse a partir do número de veces que aparece cada competencia no currículo. Na materia de TICS hai dúas competencias básicas mais específicas, a Competencia Dixital e a Competencia Matemática. Pero ten unha pequena porcentaxe de cada una delas.



4.2 - TÁBOA DE CONTIDOS, ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, TEMPORALIZACIÓN.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede						
a b f g h i o	B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contraseñas. Condutas e hábitos seguros. B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.	B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	CD CSC	30,00%	
			TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contraseñas para a protección da información persoal.	CD CMCCT.	20,00%	
A, b f, g h, i m, ñ o	B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.	B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	CD CAA CSC CCEC	30,00%	
a g h i m ñ	B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución. B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.	B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	CD CAA CSC	20,00%	
			TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	CD CSC CCEC	25,00%	
Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes						
f	B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	CD CMCCT. CAA	35,00%	
			TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de acceso.	CD CMCCT.	15,00%	

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
			bilidade do equipamento informático.			
f	B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.	B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	CD CMCCT. CAA	15,00%	
a f	B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	CD CMCCT.	25,00%	
f	B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.	B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	CD CMCCT.	35,00%	
f	B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.	B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	CD CMCCT. CCL	25,00%	
Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital						
f g h i m ñ a o	B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos. B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación. B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. B3.4. Organización da información	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC	40,00%	
			TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	CD CMCCT. CCL CSIEE	40,00%	

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
	en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.		TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	CD CMCCT. CAA CSIEE	20,00%	
c f g h i m ñ o	B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos. B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos. B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.	B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CCEC CSC	30%	
			TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE	35,00%	
Bloque 4. Seguridade informática						
a f	B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas. B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección. B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.	B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	CD CMCCT.	20,00%	
			TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	CD CMCCT.	15,00%	
			TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	CD CMCCT. CCL	25,00%	

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos						
b f	B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.	B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	CD CMCCT. CAA CSC	35,00%	
a f g h i m ñ o	B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas.	B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	CD CMCCT. CCL CAA	25,00%	
			TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	CD CMCCT. CCL CSC CSIEE CCEC	25,00%	
a b c g h i m ñ o	B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación. B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.	B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	CD CMCCT. CCL CAA CSIEE CSC	25,00%	
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión						
a	B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma	B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibili-	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á	CD	20,00%	

Tecnoloxías da Información e da Comunicación. 4º de ESO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
b f g h i m ñ o	<p>accesibles.</p> <p>B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.</p> <p>B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.</p> <p>B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.</p>	<p>dade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.</p>	<p>información multiplataforma.</p>	<p>CMCCT. CSIEE</p>		
			<p>TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</p>	<p>CD CMCCT. CCL CAA CSC</p>	<p>20,00%</p>	
			<p>TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.</p>	<p>CD CMCCT.</p>	<p>30,00%</p>	
a b f g h i m ñ o	<p>B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.</p>	<p>B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.</p>	<p>TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p>	<p>CD CMCCT. CCL CAA CSC CSIEE</p>	<p>30,00%</p>	
f m ñ	<p>B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.</p>	<p>B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.</p>	<p>TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</p>	<p>CD CMCCT. CCL CSC</p>	<p>25,00%</p>	

4.3 - TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O **bloque 1**, dedicado a **ética e a estética na interacción na rede**, traballarase durante todo o curso, pois vai saíndo a medida que imos realizando diferentes tarefas e imos aprendendo diferentes cuestións sobre o manexo dos ordenadores.

O **bloque 2, Relativo á arquitectura dos ordenadores**, o hardware e o software, e as redes. Tamén se traballará ao longo de todo o curso en forma de apuntes teóricos, e prácticas sobre coñecemento de hardware.

O **bloque 3, adicado á organización, deseño e produción de información dixital** é o máis empresarial, dedicado ás ferramentas ofimáticas. Traballaremos cos procesadores de textos, as follas de cálculo, as bases de datos e as presentacións multimedia, o manexo das imaxes e a edición de son e vídeo. O obxectivo deste bloque é mostrar aos alumnos algunhas das posibilidades menos básicas ou coñecidas destas aplicacións. Traballarase case exclusivamente con software libre, no sistema operativo Linux. Traballarase tamén ao longo do curso en forma de exercicios prácticos avaliados, nas dúas primeiras avaliacións

O **bloque 4 refírese á seguridade informática**, e se traballará no primeiro trimestre en forma de teoría e situacións prácticas.

O **bloque 5 se ocupa da difusión de contidos nas redes**, e traballarase no 3º trimestre.

O **bloque 6 trata do Internet e as redes sociais**. Este bloque se traballa durante todo o curso en diversas actividades, e ao final se traballará especificamente en exercicios concretos.

4.4 - ORGANIZACIÓN DO TEMPO

En canto á organización do tempo, os rapaces teñen cinco minutos dende que soa o timbre para saír da súa aula e chegar á aula de Informática. En canto chegan todos pasase lista. En total son uns dez minutos que leva poñerse en marcha.

Despois, comeza a clase propiamente dita: Cada día comézase enumerando as cousas que se van facer ese día.

Cando se explica o exercicio para aprender o manexo dun software, empréganse unha media de 20-30 minutos na explicación. Esta versará case sempre sobre as ordes e funcións do programa informático e implicará a utilización do ordenador e do canón proxector. Simultaneamente a explicación o alumnado vai probando no seu ordenador os conceptos e as instrucións explicadas.

O exercicio ou exercicios prácticos correspondentes a cada programa poden precisar entre catro e seis sesións para acabalos, polo que despois da primeira sesión de explicación, as demais sesións dedícanse á realización do exercicio polo alumnado. Pasado o tempo marcado pola profesora para traballar no exercicio na aula, o alumno que non o finalice deberá traballar na súa casa ata a data establecida de entrega.

Tódolos días comézase a recoller a aula dous minutos antes de soar o timbre. O grupo debe deixar recollidas as mesas, os ordenadores e o material empregado durante a sesión.

4.5 - ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

A aula de Informática está organizada do seguinte xeito: as mesas de traballo están dispostas en forma de U de cara as paredes, de tal xeito que o profesor ao camiñar pola aula poda visualizar directamente as pantallas dos ordenadores de todo o alumnado.

Na parede do encerado temos un encerado dixital e un canón proxector, ademais dun encerado branco e un armario.

Ademais temos un equipo Mac, que se emprega para a edición de vídeo, e que se irá empregando ao longo do curso en grupos.

5. CONTIDOS MINIMOS EXISIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

- Manexar o software traballado a nivel de usuario.
- Recoñecer e identificar o nome e función dos compoñentes dun ordenador.
- Comprender o funcionamento de Internet e realizar búsquedas axeitadas
- Facer unha presentación oral e escrita dun tema ou concepto
- Editar e crear textos, imaxes, sons e documentos multimedia.

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

6.1 - CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ÁREA DE INFORMÁTICA.

1- Instalar e configurar aplicacións e desenvolver técnicas que permitan asegurar sistemas informáticos interconectados.

Valórase con este criterio a capacidade de localizar, descargar e instalar aplicacións que preveñan o tráfico non autorizado en redes sobre diversos sistemas operativos. Á súa vez, trátase de identificar elementos ou compoñentes de mensaxes que permitan catalogalos como falsos ou fraudulentos, adoptar actitudes de protección pasiva, mediante a instalación e configuración de aplicacións de filtrado e eliminación de correo lixo, e de protección activa, evitando colaborar na difusión de mensaxes deste tipo.

2- Interconectar dispositivos móbiles e inarámicos ou cableados para intercambiar información e datos.

Preténdese avaliar a capacidade de crear redes que permitan comunicarse con diferentes dispositivos fixos ou móbiles, utilizando todas as súas funcionalidades e integrándoos en redes xa existentes. Tamén se trata de coñecer os distintos protocolos de comunicación e os sistemas de seguridade asociados, aplicando o máis axeitado a cada tipo de situación ou combinación de dispositivos.

3- Obter imaxes fotográficas, aplicar técnicas de edición dixital a estas e diferencialas das imaxes xeradas por ordenador.

Este criterio pretende valorar a capacidade de diferenciar as imaxes vectoriais das imaxes de mapa de bits. Céntrase na captación de fotografías en formato dixital e o seu almacenamento e edición para modificar características das imaxes tales como o formato, a resolución, o encadre, a luminosidade, o equilibrio de cor e os efectos de composición.

4- Capturar, editar e montar fragmentos de vídeo con audio.

Os alumnos e alumnas han de ser capaces de instalar e utilizar dispositivos externos que permitan a captura, xestión e almacenamento de vídeo e audio. Aplicaranse as técnicas básicas para editar calquera tipo de fonte sonora: locución, son ambiental ou fragmentos musicais, así como as técnicas básicas de edición non lineal de vídeo para compoñer mensaxes audiovisuais que integren as imaxes capturadas e as fontes sonoras.

5- Diseñar e elaborar presentacións destinadas a apoiar o discurso verbal na exposición de ideas e proxectos.

Preténdese avaliar a capacidade de estruturar mensaxes complexos coa finalidade de expoñelos publicamente, utilizando o ordenador como recurso nas presentacións. Valorarase a correcta selección e integración de elementos multimedia en consonancia co contido da mensaxe, así como a corrección técnica do produto final e o seu valor como discurso verbal.

6- Desenvolver contidos para a rede aplicando estándares de accesibilidade na publicación da información.

Preténdese que os alumnos utilicen aplicacións específicas para crear e publicar sitios web, incorporando recursos multimedia, aplicando os estándares establecidos polos organismos internacionais, aplicando ás súas producións as recomendacións de accesibilidade e valorando a importancia da presenza na web para a difusión de todo tipo de iniciativas persoais e de grupo.

7- Participar activamente en redes sociais virtuais como emisores e receptores de información e iniciativas comúns.

Este criterio céntrase na localización en Internet de servizos que posibiliten a publicación de contidos, utilizándoos para a creación de diarios ou páxinas persoais ou de grupo, a subscripción a grupos relacionados cos seus intereses e a participación activa nestes. Valorarase a adquisición de hábitos relacionados co mantemento sistemático da información publicada e a incorporación de novos recursos e servizos. No ámbito das redes virtuais hase de ser capaz de acceder e manexar ámbitos de aprendizaxe a distancia e busca de emprego.

8- Identificar os modelos de distribución de software e contidos e adoptar actitudes coherentes con estes.

Trátase de avaliar a capacidade para optar entre aplicacións con funcionalidades similares cando se necesite incorporalas ao sistema, tendo en conta as particularidades dos diferentes modelos de distribución de software. Terase en conta o respecto ás devanditas particularidades e a actitude á hora de utilizar e compartir as aplicacións e os contidos xerados con estas. Así mesmo, o respecto aos dereitos de terceiros no intercambio de contidos de produción allea.

6.2 - PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e instrumentos de avaliación seleccionados para determinar o grao de consecución dos obxectivos da materia, serán coherentes e farán referencia ós criterios de avaliación, de forma que poida determinarse de forma sistemática e obxectiva o grao de consecución dos mesmos e se traduzan nunha medida eficaz e transparente do rendemento académico do alumnado. Os procedementos de avaliación que aplicaremos nesta materia son:

- Empregarase o curso TIC da aula virtual do centro como ferramenta para subir as actividades e tarefas a realizar sobre as distintas unidades didácticas.
- Realizaranse cuestionarios na propia aula virtual coa que se valorará a adquisición de contidos. Realizarase polo menos un cuestionario por trimestre
- Observación directa do traballo do alumnado na clase

6.3 - INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos cos que se realizará a avaliación dos coñecementos teóricos e prácticos adquiridos polo alumnado serán os seguintes:

Coñecementos Prácticos:

- Exercicios prácticos individuais realizados na clase dentro das datas marcadas en cada caso.
- Presentacións e defensa pública dunha tarefa ou busca de noticias referidas ao mundo das TICS
- Actividades en grupo ou individuais sobre contidos relacionados coa materia.

Coñecementos teóricos:

Cuestionarios individuais para avaliar o coñecemento dos contidos teóricos básicos da materia.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

7.1 - REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio do curso comprobaranse os coñecementos previos dos alumnos do grupo mediante unha avaliación inicial que consistirá nunha batería de preguntas encamiñadas a coñecer o nivel de destreza no uso dun procesador de textos e de xestión de carpetas e arquivos así como os coñecementos xerais sobre as TIC.

Os resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade do grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos.

7.2 - ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Nesta materia non ten moito sentido planificar actividades de recuperación e reforzo da avaliación inicial, pois o resultado desta fai que se modifique o nivel de esixencia inicial cara o alumnado, así coma a identificación do alumnado con dificultades. Este alumnado se recibirá unha maior atención personalizada. Tamén se poderá ofrecer, unha maior flexibilidade cos prazos nas entregas. O alumnado será informado previamente sobre se dispón ou non doutra data de entrega de traballos distinta da data de entrega xeral.

7.3 - CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS

a) A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta en cada un deles.

Actividades e tarefas prácticas realizadas na clase	70.00%
Exames escritos ou cuestionarios na aula virtual sobre contidos e coñecementos	20,00%
Observacións directas do comportamento e actitude na aula	10,00%

b) A valoración das tarefas prácticas feitas na aula realizarase do seguinte xeito:

- Correspondencia do exercicio entregado co que se pedía en cada caso: 90%
- Envío do exercicio coa información e formato indicado en cada caso: 10%
- Penalización por entrega fóra de prazo: despois de pasar unha semana da data de entrega, irase descontando do exercicio 10% da puntuación máxima do mesmo por cada día mais de atraso na entrega da mesma. Pasados dez días lectivos (2 semanas naturais) de atraso, o exercicio será cualificado co valor de cero puntos.

c) A cualificación dos cuestionarios será obxectiva ao ser directamente calculada pola plataforma da aula virtual. O alumno coñecerá a súa cualificación unha vez finalizado o cuestionario.

d) A valoración do comportamento realizarase do seguinte xeito: recollerase información individualizada do alumnado. A información recollida levará á obter unha cualificación numérica de 0 a 10 que como se indicou anteriormente ten un peso do 10% na cualificación.

Os comportamentos e actitudes negativas que se terán en conta nesta valoración e contribuirán a ter unha cualificación baixa neste aspecto son: as faltas de puntualidade, de atención, de actitude, de coidado do material, de traer o material para traballar, de deixar recollida a mesa e o ordenador.

Por outra banda, as actitudes positivas, que se terán en conta nesta valoración e contribuirán a ter unha cualificación alta son as seguintes: participación activa na clase, colaboración coa limpeza e coidado do material, axuda aos compañeiros, realización de tarefas voluntarias e calquera outro comportamento e actitude que poida ter a consideración de beneficioso para o desenvolvemento da actividade na clase.

7.4 - CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación reflectiranse na acta e no boletín correspondentes.

A cualificación trimestral será redondeada, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro inferior se o valor é igual ou inferior a 0,65. Exceptúase o caso do 4,65, que nunca se asimilará ao 5. O alumnado ten que acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para poder aprobar a materia.

7.5 - PROBAS DE RECUPERACIÓN

A recuperación dunha avaliación realizarase sempre de xeito individualizado, segundo o caso particular de cada alumna/o, analizando o motivo de ter suspensa a avaliación, tendo en conta o criterio seguinte:

- No caso dos exercicios non entregados ou entregados fora de prazo, o alumno ou alumna deberá facelos todos na súa casa e entregalos na data que se lle propoña.
- No caso de tarefas entregados e que teñan unha nota inferior ao 40% do valor máximo da tarefa, o profesor realizará unha selección das tarefas que son consideradas imprescindibles para acadar os mínimos establecidos instarase ao alumno ou alumna a que a volva a facer e entregar na data que se lle indique.
- No caso de cuestionarios suspensos, realizarase unha recuperación dos mesmos.
- A data proposta sempre será antes da data de avaliación da seguinte avaliación. Pasada a data proposta, non haberá posibilidade de recuperación da avaliación e se fará a media final con esa nota.

Para os efectos de cálculo da cualificación final, teranse en conta a cualificación mais alta das dúas: da avaliación ou da recuperación correspondente.

A cualificación trimestral será redondeada, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de mais de 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é igual ou inferior a 0,65. Exceptúase o caso do 4,65, que nunca se asimilará ao 5. O alumnado ten que acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para poder aprobar a materia.

7.6 - CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL

O período comprendido entre o 6 de xuño e a data da avaliación final permitirá a realización de actividades diferenciadas para o alumnados que teña todas as avalicións parciais superadas e para o alumnado que teña algunha avaliación parcial pendente.

a) Avaliación do alumnado que ao finalizar a 3ª avaliación parcial teña superadas as tres avalicións parciais.

O alumnado que teña superadas as 3 avalicións parciais, considerarase que xa ten superada a asignatura, e polo tanto promocionará na avaliación final.

Non obstante, durante o periodo comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final se levaran a cabo unha serie de actividades com este alumnado que poderán ser do seguinte tipo:

a) Actividades de ampliación:

- Impartir algunha materia que non dera tempo a dala
- Realizar algún traballo relacionado com distintos tema de interese ou actualidade.

b) Actividades de reforzo:

- Profundizar nalgúns conceptos destacados ao longo do curso
- Mellorar as destrezas nas actividades de laboratorio así como no manexo do material, potenciando a actitude investigadora.

c) Actividades de Titoría: De ser necesario, e en coordinación co departamento de

orientación, intentarase evaluar as habilidades e cualidades do alumno e deducir en que eido das actividades académicas e profesional poderían ser máis eficientes.

Estas actividades poderan computar para subir a nota media da asignatura.

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais e terase en conta, de ser o caso, a realización das actividades propostas para subir a cualificación final se procede.

b) Avaliación do alumnado que ao finalizar a 3ª avaliación parcial non teña superadas as tres avaliacións parciais.

a) Actividades de apoio: Estas actividades tenderán a que este alumnado poda dispor dos elementos necesarios para afrontar a superación da parte da materia que non superara no seu momento.

b) Reforzo: Os exames e actividades de recuperación facilitarán que o alumnado poda chegar a adquisición dos coñecementos e competencias que aínda non acadara

c) Recuperación: A recuperación se fará valorando as actividades desenvolvidas durante este periodo, xa sexan exames, exercicios, actividades, traballos, ou calquera outra.

Estas actividades estarán deseñadas para que o alumno poda superar a asignatura.

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais na que se incluírá a cualificación das actividades de recuperación realizadas.

7.7 - CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción establecen como debe proceder o equipo avaliador cando se teña que decidir se un alumno pasa ao curso seguinte ou non. Están recollidos no PEC, e veñen fixados pola normativa que desenvolve a LOE e a LOMCE.

7.8 - CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

As avaliacións no curso 2021-2022 se realizarán nas seguintes datas:

1ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 15 decembro
2ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO –6 de abril
3ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7de xuño

7.9 - PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Neste curso non hai ningún alumno coa materia de TIC pendente.

7.10 - PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACION DAS MATERIAS PENDENTES OU DA NOTA FINAL DO CURSO.

Neste curso non hai ningún alumno coa materia de TIC pendente.

7.11 - PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Neste curso non hai alumnos repetidores.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

8.1 - PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS

A poboación-tipo da ESO a conforman alumnos e alumnas que comezan a abandonar a nenez, camiñando cara unha etapa de transición: a adolescencia. Esta supón importantes cambios no seu desenvolvemento, que influirán no seu estado fisiolóxico, socioafectivo e cognitivo.

Podemos dicir que estes cambios concréntanse en importantes e rápidas modificacións no corpo do preadolescente/adolescente, alterando drasticamente a súa aparencia física e, coma consecuencia, tamén o seu concepto de si mesmo e a súa personalidade. Os alumnos e alumnas comezan un proceso de autodefinición, persoal e social, no que xa non aceptan os valores preestablecidos, cuestionando os criterios sociais vixentes e buscando un espazo de liberdade e independencia propio. Os cambios cognitivos van supoñer importantes cambios na súa forma de pensar, xa que progresivamente veranse capacitados para desenvolver un pensamento abstracto. Ademais, á hora de enfrentarse a un problema, serán capaces de elaborar diferentes posibilidades de solución, de combina-las e de somete-las a un razoamento dedutivo. Nesta etapa do seu desenvolvemento intelectual, a práctica desempeñará un papel fundamental, axudando ó adolescente a alcanzar maiores logros no seu razoamento. Este punto deberá terse moi en conta á hora de elaborar e desenvolver o proxecto educativo, xa que os educadores serán os encargados de fomentar e potenciar o aprendizaxe a través da experiencia.

Unha vez coñecidas as características do alumnado ó que va dirixido o noso traballo, debemos empregar aqueles principios didácticos que mais se adecúen ó logro da coherencia entre os diferentes cursos e a área dentro da programación que propoñemos. Un principio didáctico básico ó que recorrer será impulsar o desenvolvemento do alumno tendo en conta a súa madurez, nivel de coñecementos previos y capacidade de razoamento, xa que as capacidades vinculadas ó pensamento abstracto non se manifestan de forma homoxénea entre os alumnos,

dependendo estas en grande medida dos coñecementos adquiridos con anterioridade. O noso obxectivo será lograr un equilibrio entre o seu nivel de capacidade e os coñecementos básicos. Para elo, os contidos estruturaránse en bloques que incorporen coñecementos significativos e que establezan unha relación cos coñecementos previos, establecendo un desenvolvemento en espiral, no que o alumno xere os seus propios esquemas de aprendizaxe, completando e ampliando os coñecementos adquiridos previamente.

A ESO orientase a transmitir a todos os alumnos os elementos básicos da cultura, formalos para asumir seus deberes e exercer os seus dereitos, e preparamos para a incorporación na vida activa, ou para acceder á formación profesional específica de grao medio ou ó bacharelato. O cumprimento deste obxectivo esixe asumir, por un lado, principios de ensinanza comprensiva e, pola outra banda, principios de ensinanza diversificada, buscando o equilibrio entre ambos principios. O marco da ensinanza comprensiva relaciónase co carácter obrigatorio e común da etapa, polo que implica un carácter non discriminatorio e non selectivo. Pero, por outra banda, non podemos esquecer as enormes diferencias de intereses e capacidades nestes alumnos. Isto, xunto ó seu carácter terminal ó tempo que preparatorio para outros tramos educativos, precisa unha marxe de diversidade que vaise concretar nunha flexibilidade do currículo, agrupamentos flexibles do alumnado, e unha marxe de opcionalidade crecente ó longo da etapa.

Outro principio didáctico ó que recorrer vai ser procurar ó alumnado un aprendizaxe autónomo, valéndonos de ferramentas de traballo que nos permitan ensinarlle a pensar e decidir. Tamén se terá en conta, como recurso didáctico, a interrelación de contidos entre os diferentes bloques da área, así como a interdisciplinabilidade. Isto evitará a sensación de fragmentación do coñecemento, o cal favorece unha mellor comprensión dos contidos e da súa aplicación práctica.

Por último, priorizarase sempre unha aprendizaxe comprensiva fronte o mecánico e, sempre que sexa posible, partiremos da realidade próxima do alumno. Ademais, neste contexto de aprendizaxe primarán un clima de respecto, axuda e aceptación dos demais.

8.2 - PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rexerán a nosa intervención educativa son os mesmos que marca a LOMCE e son:

1. A lo largo de las dos etapas se favorecerá tanto la interacción de los alumnos y alumnas como la iniciativa personal, la autonomía, la creatividad, el espíritu crítico y la capacidad para comunicar lo aprendido.
2. La metodología didáctica adoptada será fundamentalmente comunicativa, activa y participativa, dirigida al logro de los objetivos y a la adquisición y el desarrollo de las competencias clave. Para ello se procurará la integración de los aprendizajes poniendo de manifiesto las relaciones entre las materias y su vinculación con la realidad.
3. Las actividades educativas priorizarán las situaciones de aprendizaje que requieran la resolución de problemas o la realización de tareas de complejidad creciente asociadas a situaciones reales o tan contextualizadas como sea posible. En todo momento se promoverá el empleo de fuentes variadas de información. En Bachillerato se programarán actividades que desarrollen los métodos de análisis, indagación e investigación propios de la modalidad elegida.
4. En todas las materias se planificarán actividades que fomenten la comprensión lectora, la expresión oral y escrita y el desarrollo de la capacidad para dialogar y expresarse en público, sin perjuicio de su tratamiento específico en las materias del ámbito lingüístico. Los centros deberán garantizar en la práctica docente de todas las materias un tiempo dedicado a la lectura en todos los cursos.
5. La comunicación audiovisual y las tecnologías de la información y la comunicación serán igualmente objeto de tratamiento en todas las materias de ambas etapas. Se deberá proporcionar oportunidades al alumnado para mejorar su capacidad de utilizar las Tecnologías de la Información y la Comunicación, tanto en sus aplicaciones más generales como en aquellas vinculadas a las modalidades u opciones elegidas.

6. La educación en valores deberá formar parte de los procesos de enseñanza y aprendizaje, con el fin de desarrollar en el alumno y alumna una madurez personal y social que le permita actuar de forma responsable y autónoma.
7. En la etapa de Educación Secundaria Obligatoria se pondrá especial énfasis en la atención a la diversidad del alumnado, en la atención individualizada orientada a que cada alumno y alumna desarrolle al máximo su potencial, y en la pronta respuesta a las dificultades ya identificadas o que puedan surgir a lo largo de la etapa.
8. Los centros establecerán las medidas curriculares y organizativas y los procedimientos oportunos para realizar adaptaciones significativas de los elementos del currículo, a fin de atender al alumnado con necesidades educativas especiales que las precise. Dichas adaptaciones se realizarán buscando el máximo desarrollo posible de las competencias y del logro de los objetivos de la etapa.

Ademais teremos en conta os seguintes principio metodolóxicos dentro da nosa materia:

1. Partir do **nivel de desenvolvemento** dos alumnos /ás no cal serán predominantes os seus coñecementos e experiencias previas.
2. Desta forma relacionaremos o novo que aprenden co que xa saben e lograremos así unha **aprendizaxe significativa** que lles axudará a desenvolverse en novos contextos e circunstancias diferentes.
3. Tamén pretendemos que o alumnado desenvolva estratexias básicas: observación, experimentación, comparación,... que lle sirvan para investigar e descubrir por se mesmos, é dicir, que **aprendan a aprender** e logren unha maior autonomía.
4. Modificar os esquemas de coñecementos: moitas das experiencias que lles proporemos crearán certo desequilibrio que lles porán no camiño da superación de dificultades.

5. Para todo iso partiremos dunha inmensa **actividade** por parte do discente onde experiencias sensoriais, manipulativas, e de exploración condúzanlle á súa vez a actividades mentais básicas.

6. As actividades que proporemos estarán dentro dun contexto **interdisciplinar** onde o tratamento dos diferentes contidos conecten coas outras áreas de ESO.

7. Ao mesmo tempo que teremos en conta as capacidades, limitacións e necesidades particulares dos alumnos, traballando así a **individualización**, non debemos desatender a súa faceta de **social**, así proporemos actividades individuais, colectivas e en pequenos grupos, creando entre todos unhas pautas de comportamento que faciliten a convivencia, a integración no grupo.

8. O **principio de liberdade** favorecerémolo atendendo ás formas de expresión e experiencias máis motivadoras para os discentes, respectando a súa libre elección ao presentar varias experiencias diferentes

9. A **creatividade** será potenciada nos seus tres factores básicos: orixinalidade, fluidez e flexibilidade en tarefas creativas que xerarán enfoques máis persoais distintivos e lúdicos.

10. **Principio de xogo:** a experiencia lúdica axuda na motivación das aprendizaxes.

8.3 - ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

8.3.1- Rutinas xerais na aula de informática:

Ao comezar a clase, pasarase lista e anotaranse as faltas de asistencia.

O seguinte a facer será comezar a clase propiamente dita, momento no cal poderase prender o ordenador.

Ao finalizar a hora, se farán recordatorios das datas de entrega pendentes e das cousas que teñen que facer para o próximo día.

Antes de saír, o alumnado apagará os ordenadores e hardware empregado durante a clase, e deixará recollida e ordenada a súa mesa, así coma a súa cadeira.

8.3.2- Metodoloxía na materia de TIC

Para acadar os obxectivos propostos nesta programación, empregarase a metodoloxía seguinte:

Parte Teórica

Ao comezar unha nova unidade o profesor fará unha exposición explicando os conceptos e contidos teóricos así como a metodoloxía para solucionar as actividades prácticas que se realizarán nas seguintes sesións.

Parte Práctica

O alumnado de xeito individual ou en grupo segundo sexa o caso terá que resolver as actividades prácticas propostas empregando as estratexias explicadas polo profesor

Este proceso se desenvolverá ao longo do curso con interrupcións debida a inclusión de outras actividades e exercicios.

8.4 Metodoloxía adaptada á Covid 19 no contexto de ensino a distancia.

No caso de que algún alumno ou alumna sexa sometido a corentena, ou se peche algunha aula, ou mesmo que o centro docente sexa pechado, empregarase a aula virtual para proporcionar material de traballo ao alumnado así como asignación de tarefas e cuestionarios de avaliación.

A comunicación e coordinación co alumnado será a través da mensaxería da aula virtual. Así mesmo, empregarase a plataforma Cisco Webex para a realización de explicacións en liña ao alumnado.

O seguimento do alumnado na realización de actividades do curso virtual farase por medio do control de rexistros de accesos á aula virtual e a entrega de tarefas e actividades dentro dos prazos requiridos e a asistencia ás sesións de clase virtuais a través da plataforma Cisco Webex.

Por outra banda, a comunicación coas familias do alumnado realizarase a través do Espazo abalar, xa que os pais e nais do alumnado teñen a aplicación móbil instalada nos seus dispositivos. Ademais, o centro conta cun correo corporativo @cpidosdices.org que se lle facilitará ás familias para que poidan poñerse en contacto co profesor de TICS.

Para asegurar que todo o alumnado poida seguir a ensinanza telemática, preguntaráselles ás familias se dispoñen de dispositivos tecnolóxicos suficientes e de conexión a Internet con adecuada velocidade de transferencia de datos. No caso de que algunha familia non dispoña dos medios precisos, esta situación poñerase en coñecemento do equipo directivo do CPI dos Dices para que dispoña as medidas oportunas para solucionar o problema.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

9.1 - RECURSOS DA AULA

A aula consta do material que o centro foi mercando estes anos, pois os equipos informáticos subministrado pola consellería de educación no seu momento quedaron

obsoletos e non foi reemplazado. Todos os anos se merca novo material para reforzar a dotación da aula. Nestes momentos temos:

Mesas e cadeiras

Ordenadores para o alumnado (25) Con software libre (Maqueta Abalar)

Ordenador para o profesor (1)

Servidor local

Xogo de Auriculares e micrófono en cada ordenador

Libros de texto

Canón proxector

Encerado branco

Conexión a Internet

Manuais de Informática

Cámaras de fotografía e de vídeo, (que pertencen ao centro) para facer vídeo.

9.2 - MATERIAL DO ALUMNADO

- Unha carpeta onde gardará o material e as fichas de traballo.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

10.1 - MEDIDAS METODOLÓXICAS.

Salvo nos casos nos que nos atopemos con serias dificultades de comprensión e realización de traballos, a metodoloxía non variará. Nese casos particulares, estudarase a dificultade concreta e modificarase a metodoloxía naqueles apartados nos que sexa necesario.

10.2 - MEDIDAS CURRICULARES.

Os contidos teóricos da materia non se modifican, posto que estes contidos son en xeral moi básicos.

Sen embargo, nos casos de dificultade de comprensión eliminaranse do cuestionario aqueles elementos de maior dificultade, de tal xeito que o alumno poda superar a materia.

De igual xeito aos alumnos mais avanzados se lles subministrará mais información e se lle esixirá maior dificultade nos exercicios prácticos, e se lle avaliará por iso.

10.3 - MEDIDAS ORGANIZATIVAS.

A secuencia na aula vai ser sempre a seguinte: en primeiro lugar, o común a todos os alumnos. En segundo lugar, as adaptación e axudas ao alumnado con dificultade. En terceiro lugar, as adaptación e axudas ao alumnado que vai mais adiantado ou que repite a materia.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

No Decreto 86/2015 do 25 de xuño, establécense que desde todas as materias débese traballar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Tamén se recolle que se debe fomentar que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Todos estes aspectos están intimamente relacionados coas competencias claves, e polo tanto, o seu desenvolvemento na aula quedou suficientemente especificado no punto referido as competencias.

Ademais do anterior, hai unha mención especial no decreto a unha serie de aspectos, coma a educación e seguridade viaria e prevención dos accidentes de tráfico, a igualdade entre os homes e as mulleres, a prevención da violencia de xénero, a resolución pacífica de conflitos, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto ou a xustiza.

Dentro da aula de Informática traballasen os valores todos os días, dentro da actitude que o profesor lles esixe aos alumnos, actitude de respecto cara os demais, de valoración das diferencias, de comprensión do que é propio de cada un e do que é común a todos, dos dereitos e obrigacións coma alumnos e coma cidadáns. Especificamente faise fincapé na colaboración, na integración, no traballo en equipo, no respecto as normas de convivencia, no coidado do material da aula, no reciclaxe, no aforro de enerxía, etc.

Algunha das actividades que os alumnos deberán realizar xa teñen un contido relacionado coa defensa dos dereitos humanos e os valores, e sobre todo do tratamento da muller nas novas tecnoloxías, polo que non se programa ningunha

actividade específica a maiores. O día a día presenta moitas ocasións nas que ensinar aos alumnos valores e que estes poñan en práctica todo tipo de valores.

Algún destes contidos transversais, coma a seguridade viaria, teñen moi difícil encaixe nesta materia.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

Por un lado están as actividades que leva a cabo o profesor, xa sexa manexo do canón proxector, a proxección de material multimedia e audiovisual, etc, nas que as TICS as veces representan unha axuda.

Por outro lado, están as actividades que fan os alumnos, que no caso da materia de Informática, a contribución ao plan TIC é inmediata.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Coma contribución ao proxecto lector a materia de TICS propón varias accións:

- Lecturas da documentación teórica facilitada na aula.
- Traballos escritos. Nalgúns traballos os alumnos deben realizar buscas en Internet que lles obriga a ler e seleccionar a información, para resumir e condensar as ideas principais nunha poucas páxinas.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O Departamento participa e apoia as actividades propostas no plan de convivencia, e pola súa parte fomenta na súa aula as seguintes actitudes:

- A convivencia e respecto entre compañeiros que non son amigos grupos de traballo de compañeiros que non se relacionan tanto.

- A convivencia entre rapaces e rapazas, mediante a formación de grupos de traballo formados por metade nenos e metade nenas.
- O respecto ao traballo dos compañeiros facendo defensas públicas dos traballos realizados.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Esta materia no forman parte do proxecto lingüístico de centro.

16. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso non se van a organizar actividades para esta materia.

17. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

17.1 - MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Por unha parte revisarase o seguinte cuestionario ao final de curso para comprobar o cumprimento dos obxectivos da programación.

No que respecta aos obxectivos:	Si	Non
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel?		
Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores?		
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?		
Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia relaciónase?.		
No referido aos contidos:	Si	Non
Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos atopamos?		
Se explicitan os mínimos exixibles? para este nivel?		
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal		
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?.		
No relativo á metodoloxía:	Si	Non
Prevíronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións?		
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?		
foron adecuados os espazos previstos?		
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.		
No relacionado coa avaliación	Si	Non
Hanse explicitado correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que logralos?		

As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna?	x	
Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado?	x	
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado coa nosa materia pendente en niveis anteriores ao que impartimos e do alumnado que repite curso?.	x	
No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:	Si	Non
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos,?)		
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?.		

17.2 - INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Pasaráselles aos alumnos unha enquisa a final do curso para avaliar a efectividade das diferentes actividades realizadas, así como o proceso de ensino.

Na memoria de final de curso incluírase a seguinte enquisa proposta pola CCP:

~~AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO~~

INDICADORES	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				

5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

18. CONCLUSIÓN:

Esta programación non é un elemento estático, senón que a medida que transcorre o curso, xorden ocasións de modificación, moitas veces debido a feitos inesperados, coma unha exposición imprevista organizada por outro organismo e non prevista na programación de actividades extraescolares; ou unha charla, unha actividade no centro, un concurso, etc. Estas ocasións obrigan á modificar as actividades previstas, pero sempre se intenta manter un mínimo esixible en cada avaliación.

Tamén chegado o caso no que as actividades propostas demostran ser ineficientes, estas cambiaranse, as veces para o vindeiro curso académico, outras veces xa no mesmo momento do curso no que resulta evidente a ineficacia. Isto sucede as veces porque os grupos son moi diferentes, e unha actividade que funciona cun tipo de alumnado, non funciona con outro tipo.

19. BIBLIOGRAFÍA.

1. **Informática 4º eso.** – Edit. Santillana, la casa del saber
2. **Informática 4º eso. Educación secundaria**– A. Bautista, y otros. Edit. Anaya multimedia 1999.
3. **Informática 4º ESO** – F.J. Abad y otros. Edit. Teide, 2008.
4. **Proceso de avaliación: procedementos e instrumentos de avalaición e criterios de cualificación.** - Faustino J. Salgado López e Fortunato J. Quintela Rego.

Asdo.- Marco Antonio Saborido Silva

Xefe do departamento de Tecnoloxía

outubro 2021